

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE OUTUBRO

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00046084L.**

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas da sesión anterior.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00019638T.**

Licenza para realizar eliminacións de barreiras e modernización ascensor existente e adaptación puntual acceso planta baixa no edificio sito na Rúa Santiago de Guayaquil.

Concédesse a licenza para realizar segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jose Antonio Gómez Domínguez de data de visado do 06/03/2023 e a documentación presentada o 07/09/2023, cun orzamento de execución material de 41.980,00 €, a eliminación de barreiras e modernización do ascensor existente e adaptación puntual de acceso planta Baixa no edificio sito na rúa Santiago de Guayaquil, nº 6.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2021/00037704L.**

Modificación da licenza para a rehabilitación de edificio con destino a vivenda unifamiliar situado na Avda de Raxoi,14.

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a documentación redactada polos arquitectos Óscar e Iván Andrés Quintela presentada na data 09/08/2023, a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión do 28 de marzo de 2022, para a rehabilitación de edificio con destino a vivenda unifamiliar situado na Avda de Raxoi, 14.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00044436G.**

Licenza para acondicionamento de local existente para uso vivenda no edificio sito na praza Nosa Señora Mercé, 5-6, 1ºA.

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Clara Sabín Otero de data de visado do 26.02.2022, cun orzamento de execución material de 44.415,83 euros, o acondicionamento local existente para uso vivenda no edificio sito na praza de Nosa Señora da Mercé 5-6 1ºA.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00014793P.**

Licenza para a remodelación interior de vivenda sita na rúa Nova, 55 -1º.

Concédesse a modificación de licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage de data de visado do 20/03/2023 e documentación presentada o 14/07/2023, cun orzamento de execución material de 35.300,00 €, a remodelación interior de vivenda sita na rúa Nova 55, 1º S

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2022/00046594G.**

Licenza para a legalización e obras accesorias no edificio residencial sito na rúa Fonte dos Concheiros, 4.

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Alicia Noya Ansede presentado o 17/10/2022, 14/02/2023 e o 01/08/2023, cun orzamento de execución material de 41.427,64 €, a legalización e obras accesorias en edificio residencial sito na rúa da Fonte dos Concheiros, 4.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00025375X.

Licenza para obras de reforma de vivenda no local sito na rúa Caldeirería, 50-1º.

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino de data de visado do 01/06/2023, cun orzamento de execución material de 37.283,84 €, a reforma de vivenda sita na rúa da Caldeirería, 50 1º.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00016973F.

Licenza para a rehabilitación de vivenda familiar na rúa da Angustia, 6.

Concédesse a licenza para a realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 04/04/2022 e o proxecto refundido achegado na data 10/05/2023 redactados pola arquitecta Ghita Boushabi Moumouth, cun orzamento de execución material de 83.380,63 €, a a rehabilitación de vivenda unifamiliar sito na rúa da Angustia, 6.

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00044733Y.

Licenza de obras para a creación dun campo de minigolf (pitch and putt) no LG Formarís.

Concédesse a licenza para a creación dun campo de minigolf (pitch and putt) no LUGAR DE FORMARÍS, parcelas con referencia catastral 15079B511020550000IU, 15079B511020510000IJ, 15079B511003480000IL, 15079B511003490000IT e 15079B511003500000IPE segundo proxecto redactado polo enxeñeiro de minas José María Mira Pinos co visado colexial de data 04/04/2023 e anexo de 12/06/2023 e Proxecto de edificacións e servizo aos usuarios redactado polo arquitecto Carlos Campos Sendón con data de rexistro de 08/08/2023, cun orzamento de execución material de 115.265,60 €. A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado na súa maior parte en Ordenanza 16: Rústico de protección agropecuario, e parcialmente pola Ordenanza 18: Rústico de protección de infraestruturas, e pola Ordenanza 19: Rústico de protección de Augas.

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00019072D.

Licenza para a reconstrución de muro de contención de cachotería situado no lindeiro posterior da rúa de Vista Alegre 66.

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Francisco Javier Alonso de la Peña presentado o 15/04/2023, cun orzamento de execución material de 4.022,69 €, a reconstrución de muro de contención de cachotería situado no lindeiro posterior da rúa de Vista Alegre 66.

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00020080M.

Aceptar cesión de viario e licenza para a parcelación da finca sita en LG Bando de

Arriba.

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Jesús García González de data de visado do 21/04/2023; e a documentación presentada o 06/09/2023, a parcelación da finca sita en Lugar Bando de Arriba, Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con Referencia Catastral 001801300NH44G0001T, en tres parcelas.

12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1658/2020.

Admitir as alegacións presentadas e archivar procedemento de declaración de nulidade da licenza de obra de construción de edificación auxiliar para uso de almacén de apeiros de labranza na finca sita na rúa Sandino, 5.

Acórdase admitir as alegacións presentadas e archivar procedemento de declaración de nulidade da licenza de obra de construción de edificación auxiliar para uso de almacén de apeiros de labranza na finca sita na rúa Sandino, 5.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019223E.

Adxudicación do contrato de subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIs) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago cofinanciado polo FEDER a GRUMAR TRADING SL.

Acórdase:

Primeiro: excluír do procedemento de adxudicación:

- SALICRU S.A deste procedemento de adxudicación por non presentar a documentación administrativa de emenda que lle fora requirida: a documentación acreditativa de ser distribuidor oficial dos produtos a subministrar e o compromiso de subministración de equipos novos sen uso previo e obtidos a través de canais oficiais (cláusula 13.1 do PCAP).
- ECONOCOM porque segundo a oferta técnica presentada incumpre os requisitos exixidos nos pregos.

Segundo: adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato de subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIs) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea a GRUMAR TRADING SL, que presenta unha proposición económica de 24.175,80 € (base impoñible de 19.980,00 € máis IVE do 21% de 4.195,80 €). Oferta, ademais, un incremento de potencia entre 2700 e 2799 W e 4 tomas de saída de enerxía adicional. Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 24.175,80 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 626000 (2018 2 EDUSI 6).

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00041518F.

Adxudicación do contrato “Contrato baseado no Acordo Marco da FEMP para

prestación do Servizo de medicación de riscos e seguros no Concello de Santiago de Compostela (LOTE 1)” a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Adxudicar o Contrato baseado para a mediación dos riscos e seguros do Concello de Santiago de Compostela á única adxudicataria do Lote 1 do Acordo Marco para a prestación do servizo de Mediación de Riscos e Seguros concluído pola Central de Contratación da FEMP con WILLIS IBERIACORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. Esta adxudicación efectúase con suxeición ás condicións previstas no antecedente oitavo, así como ao disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas.

SEGUNDO.-: Comunicar esta resolución á adxudicataria a través da Plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, publicar esta resolución no Perfil do contratante desta Entidade Local e notificar a mesma conforme ao establecido na LCSP.

TERCEIRO.- A presente Resolución esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interperse recurso potestativo de reposición ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO.- O Contrato baseado despregará efectos desde a notificación da presente Resolución de adxudicación ao mediador.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00003353T.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das “Obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022”.

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das “Obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00048604J.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño) (POS+2021-Adicional 2/1ª Fase).

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño) (POS+2021-Adicional 2/1ª Fase)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00042790H.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Pavimentación de viarios secundarios en Verdia, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Vilvestro, A Curuxeira e Arins (POS+2021-Adicional 2/Fase 2ª).

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Pavimentación de viarios secundarios en Verdia, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Vilvestro, A Curuxeira e Arins (POS+2021-Adicional 2/Fase 2ª)”,

nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00036785N.**

Declaración de deserto do contrato “Obras de reurbanización da rúa do Pombal”.

Acórdase:

Primeiro: inadmitir neste procedemento de adxudicación as ofertas presentadas por OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L e INSIDE THE TEAM, S.L consonte o establecido no apartado I.1 do Cadro de características do PCAP por participar OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L en UTE con INSIDE THE TEAM, S.L.

Segundo: declarar deserto, ao abeiro do disposto na cláusula 21 do PCAP e no artigo 150.3 da LCSP, o procedemento de adxudicación das Obras de reurbanización da rúa do Pombal por non haber máis licitadores que concorren a esta licitación.

Terceiro: anular o crédito autorizado para esta licitación.

19. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00024863G.**

Aprobación da modificación do orzamento do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros do ano 2023, para incluír a renovación dos vehículos.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da aprobación do orzamento do transporte colectivo urbano de viaxeiros para o ano 2023, co fin de incluír o importe dos 21 vehículos incorporados dende decembro do 2002 ata setembro de 2023 da seguinte maneira:

6 vehículos dende o 1 de xaneiro

1 vehículo dende o 10 de xaneiro

1 vehículo dende o 19 de xaneiro

1 vehículo dende o 24 de xaneiro

6 vehículos dende o 14 de setembro

5 vehículos dende o 15 de setembro

SEGUNDO.- Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULUSA, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 15 de febreiro de 2006, en base ás consideracións que se fixeron constar no acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro de 2022 e que seguen a manterse nos mesmos termos ata que se leve a cabo a acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa

20. COMERCIO. Referencia: **2023/00029800L.**

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a creación e promoción da marca de produto Ourives de Compostela.

Acórdase:

Primeiro: tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a creación e promoción da marca de produto Ourives de Compostela, cunha achega de 20.200,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

Segundo: comprometer o gasto, por importe de 20.200,00 euros con cargo á

aplicación orzamentaria 010 43100 4890006

21. DEPORTES. Referencia: **2023/00014509T.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co Club Victoria de Santiago de Compostela, ano 2023.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 26 de outubro de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ano 2023.

22. DEPORTES. Referencia: **2023/00014517P.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Fundación Educación e Deporte de Santiago, ano 2023.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 26 de outubro de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO, ano 2023

23. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **OFI FERROVIAL factura F 2023 3112 ACCIDENTES 2023.**

Convalidación omisión función interventora factura F/2023/3112 Ferrovial accidentes 2023.

Valídase a omisión da función interventora e apróbase unha factura de FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, SA de 1.744,65 € en concepto de traballos de reparación de danos causados por un accidente de tráfico nas instalacións de iluminación pública. A reparación de danos causados nos elementos de iluminación pública está incluído no contrato “Prestación de servizos enerxéticos e mantemento integral do alumeadado exterior municipal”, adxudicado o 11.04.2023

24. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **OFI FERROVIAL S/2023/222 canon xaneiro a maio 2023.**

Convalidación omisión función interventora S/2023/222 Canon Ferrovial Construcción SA xaneiro a maio 2023.

Valídase a omisión da función interventora e apróbanse 5 facturas de FERROVIAL CONSTRUCCIÓN SA por importe de 60.238,89 € en concepto de servizos de mantemento de iluminación pública, instalacións eléctricas de locais municipais e iluminación ornamental de monumentos, correspondentes ao período de xaneiro a maio de 2023. As prestacións a que se refiren as facturas están incluídas no contrato “Prestación de servizos enerxéticos e mantemento integral do alumeadado exterior municipal”, adxudicado o 11.04.2023.

25. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00045399R.**

Solicitud de subvención de 10.000,00 €, á Deputación da Coruña, para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela durante o ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar a solicitude de subvención de 10.000,00 €, á Deputación da Coruña, para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela durante o ano 2024.

2. Autorizar para que a Deputación da Coruña poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e

coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

26. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00034605V.**

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela de a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en Paz 2023”.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en Paz 2023

27. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00034624J.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela - Programa Universitario de Maiores IV Ciclo.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela - Programa Universitario de Maiores IV Ciclo.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2022/00036716Q.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 201/2022 CA2.

Sentenza favorable ao Concello pois desestima o recurso presentado por GENERALI ESPAÑA, SA contra a desestimación dunha reclamación de responsabilidade patrimonial.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00045260T.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento SSS 681/2022 do Social 2 da Coruña.

Sentenza desfavorable ao Concello pois estima a reclamación presentada por un empregado municipal para que se lle abonase, durante unha incapacidade temporal pasada, a prestación correspondente ao grupo A2 de nivel 22, no canto das do grupo C1 de nivel 20.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00045923L.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no CCC 471/2022 Social 1

Sentenza desfavorable ao Concello, que actuaba como codemandado, pois estima a reclamación presentada contra as empresas xestoras dos centros socioculturais para que se lle aplique ao persoal deses centros o convenio colectivo de FERROVIAL SERVICIOS, SA.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao departamentos de contratación e centros socio culturais para o seu coñecemento.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2022/00048103H.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 326/2022 CA2.

Sentenza parcialmente favorable ao Concello sobre unha reclamación de responsabilidade patrimonial.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

32. ALCALDÍA. Referencia: **2023/00045948K.**

Designación da representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación de Concellos da ría de Muros e Noia.

Acórdase:

Primeiro. Cesar como vogal na Asemblea Xeral da Asociación de Concellos do Camiño de Santiago da ría de Muros e Noia, designado en representación do Concello de Santiago de Compostela, a don Gumersindo Guinarte Cabada, agradecéndolle os servizos prestados.

Segundo. Designar como vogal na Asemblea Xeral da Asociación de Concellos do Camiño de Santiago da ría de Muros e Noia en representación do Concello de Santiago de Compostela á concelleira delegada de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica, dona Míriam Louzao Fernández. Así mesmo, désígnase como suplentes de dona Míriam Louzao Fernández aos restantes concelleiros de goberno.

Terceiro. Comunicar este acordo á Asociación de Concellos do Camiño de Santiago da ría de Muros e Noia para os efectos oportunos

33. ALCALDÍA. Referencia: **2023/00046033Z.**

Designación de representantes na Asociación Red de Ciudades Inteligentes.

Acórdase:

Primeiro. Cesar ás persoas que se relacionan a continuación, designadas en representación do Concello de Santiago de Compostela na asociación Red Española de Ciudades Inteligentes, agradecéndolle os servizos prestados:

- Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo.
- Don José Ramón Mosquera Ferreiro.
- Don Pablo Martín Quintero.

Segundo. Designar ás persoas que se relacionan a continuación como representantes do Concello de Santiago de Compostela na asociación Red Española de Ciudades Inteligentes:

- Dona María Goretti Sanmartín Rei, Alcadesa.
- Don Manuel César Vila, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.
- Don Marcos Valiño García, Director da Área de Modernización, Innovación e Calidade da Administración Local.

Terceiro. Comunicar este acordo á asociación Red Española de Ciudades Inteligentes para os efectos oportunos

34. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00046084L.**

Tomar coñecemento das resolución da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.
Tómase coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas

URXENCIAS

1. Aprobación da memoria do programa de conciliación de Nadal.

Acórdase:

1 Aprobar a memoria do programa municipal de conciliación de Nadal 2023, que terá lugar os días 22, 26, 27, 28, 29 de decembro de 2023 e o 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2024 nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e CEIP Quiroga Palacios, de acordo coas características recollidas no informe.

2 Aprobar os prezos públicos que se recollen na memoria, que inclúen as bonificacións e as reducións para as familias con escasos recursos.

Prezos públicos finais ordinarios para as familias coas modalidades:

Programa quenda decembro 2023

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA DECEMBRO (5 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almuerzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 55,50 €
Modalidade madrugadores/as con almuerzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 32,50 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 47,50 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 24,50 €

Programa quenda xaneiro 2024

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA XANEIRO (4 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almuerzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 43,50 €
Modalidade madrugadores/as con almuerzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 25,50 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 37,50 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 19,50 €

Prezos públicos finais especiais (desconto do 50% ou 100% informe SS do Concello) para as familias coas modalidades:

Programa quenda decembro 2023

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA DECEMBRO (5 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 27,75 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 16,25 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 23,75 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 12,25 €

Programa quenda xaneiro 2024

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA XANEIRO (4 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 21,75 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 12,75 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 18,75 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 9,75 €

2. Declaración de deserto do contrato para a prestación dos servizos da aplicación SIR (Sistema de Intercambio Rexistral).

Acórdase:

Primeiro: excluír do procedemento de adxudicación T-SYSTEMS ITC IBERIA, SAU con NIF A81608077 por presentar unha oferta técnica que incumpre os requisitos exixidos na cláusula 10.1 do PCAP.

Segundo: declarar deserto, ao abeiro do disposto na cláusula 17 do PCAP e no artigo 150.3 da LCSP, o procedemento de adxudicación do Servizo SaS (Software como

servizo) de interconexión e rexistros (SIR) entre o Concello de Santiago de Compostela e o resto de Administracións Públicas por non haber máis licitadores que concorresen a esta licitación.

3. Revisión das tarifas da concesión de Amio. A revisión comprende de novembro de 2021 a novembro de 2022 e implica un incremento de tarifas do 6,8%.

Acórdase aprobar a revisión das tarifas do servizo do mercado de Amio consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos e ao recollido na táboa relacionada de seguido, supoñendo unha suba do IPC dun 6,8% con respecto ás tarifas vixentes aprobadas o 21 de marzo de 2022.

CONCEPTO	TARIFAS VIXENTES (2022)		TARIFAS PROPOSTAS (2023)	
	APROBADA	EXACTA	REVISADA	EXACTA
<u>ENTRADA GANDO</u>				
VACÚN PEQUENO	2,03255	2,03	2,15207	2,15
VACÚN MEDIANO	3,48578	3,49	3,69571	3,70
VACÚN GRANDE	4,15233	4,15	4,39429	4,39
OVINO / CAPRINO	0,89907	0,90	0,95773	0,96
PORCINO	0,89907	0,90	0,95773	0,96
EQUINO	2,78737	2,79	2,95206	2,95
<u>XAULAS E AMARRES</u>				
AMARRES m/lineal	1,56450	1,56	1,67089	1,67
XAULAS RECRÍA 4 m ²	3,12900	3,13	3,34177	3,34
XAULAS ABASTO	6,68468	6,68	7,13924	7,14
XAULAS RECRÍA 3 m ²	2,36097	2,36	2,52152	2,52
<u>ESTANCIAS EN MERCADO</u>				
Vacún pequeno (L-V)	6,33000	6,33	6,70410	6,70
Vacún pequeno (S-D-Fest.)	69,63000	69,63	73,76767	73,77
Vacún mediano/grande (L-V)	14,25305	14,25	15,09832	15,10
Vacún mediano/grande (S-D-F)	77,55305	77,55	82,16188	82,16
VACÚN E EQUINO / DÍA	4,67300	4,67	4,94639	4,95
OVINO E PORCINO / DÍA	2,75461	2,75	2,91826	2,92
<u>ELIMINACIÓN CADÁVERES</u>				
VACÚN MENOR, OVINO, CAPRINO E PORCINO	14,04352	14,04	14,87297	14,87
VACÚN MEDIANO, MAIOR E EQUINO	23,55617	23,56	24,95729	24,96
CONCEPTO	TARIFAS VIXENTES (2022)		TARIFAS PROPOSTAS (2023)	
	APROBADA	EXACTA	REVISADA	EXACTA

CONCEPTO	TARIFAS VIXENTES (2022)		TARIFAS PROPOSTAS (2023)	
	APROBADA	EXACTA	REVISADA	EXACTA
<u>ENCAMADO</u>				
CAMIÓN ou REMOLQUE ≥4 T	11,37818	11,38	12,05612	12,06
CAMIÓN ou REMOLQUE <4 T	8,53364	8,53	9,03645	9,04
OUTROS VEHÍCULOS	3,84014	3,84	4,06753	4,07
<u>LAVADO</u>				
CAMIÓN 2 PISOS	17,70194	17,70	18,74895	18,75
CAM. 2 PS + REMOLQUE 1 PS	23,49252	23,49	24,88969	24,89
CAM. 2 PS + REMOLQUE 2 PS	31,79745	31,80	33,68953	33,69
CAMION ≥ 4 T	13,95328	13,95	14,78283	14,78
CAMIÓN <4 T E OUTROS	11,24846	11,25	11,92091	11,92
<u>APARCAM. E DESINFECCIÓN</u>				
TURISMO	1,94024	1,94	2,05067	2,05
CAMIÓN ≥ 4T	8,43322	8,43	8,93505	8,94
CAMIÓN < 4T E OUTROS	6,90836	6,91	7,32381	7,32
<u>OUTROS SERVIZOS</u>				
FARDO DE PALLA	5,68909	5,69	6,02806	6,03
PESAXE DE RES	0,93870	0,94	0,99153	0,99
ENTRADA C. DESINFECTADO	3,91125	3,91	4,14640	4,15

4. Adxudicación do contrato mixto do alumeado de Nadal.

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle o contrato que ten por obxecto o contrato mixto do alumeado de Nadal 2023 a ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL por ser a única oferta presentada e cumprir cos requisitos exixidos nos pregos. ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL presenta unha proposición económica de 214.775,00 € (base imponible de 177.500,00 € máis IVE do 21% de 37.275,00 €).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 214.775,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 33800 2279900, desagregándose do seguinte xeito por anualidades: 2023 - 179.946,62 € e 2024 - 34.828,38€